

Os romanos gañan unha batalla naval

Quinto anno belli Punici, quod contra Afros gerebatur, primum Romani, C. Duillio et Cn. Cornelio Asina consulibus, in mare dimicaverunt, paratis navibus, quas liburnas vocant. Consul Cornelius fraude deceptus est. Duillius, commisso proelio, Carthaginiensium ducem vicit, triginta et unam naves cepit, quattuordecim mersit.

Eutropius, Breviarium, 2,20

Punicus, -a, -um: púnico, púnica.

Afri, -orum: africanos.

Gero, gessim, gestum (3ª): levar a cabo.

Primum (adv.): por primeira vez

C. Duillius: C. Duilio (cónsul romano)

Cn. Cornelius Asina: Cn. Cornelio Asina (cónsul romano)

liburna, -ae: liburna (barco de guerra lixeiro)

decipio, -cepi, -ceptum (3ª tr.): enganar.

Carthaginiensis, -e: Cartaxinés



Ilustración 2: © S Davis

Exercicio 1: Análise Sintáctica

Quinto anno belli Punici, quod contra Afros gerebatur, primum Romani, C. Duillio et Cn.

Cornelio Asina consulibus, in mare dimicaverunt, paratis navibus, quas liburnas vocant.

Consul Cornelius fraude deceptus est.

Duillius, commisso proelio, Carthaginiensium ducem vicit, triginta et unam naves cepit,

quattuordecim mersit.

Exercicio 2: Tradución

Antes de traducir, fíxate no seguinte:

1. Título do texto, autor e obra. Posiblemente te axudarán a entender o argumento.
2. Lembra mirar as anotacións baixo o texto (o glosario).
3. Fai a morfosintaxe con atención para axudarte coa tradución.

Exercicio 3: Morfoloxía

1. No texto, a palabra *quod* é (caso, xénero, número, enunciado se o coñeces)_____.
2. Completa o texto: *dimicaverunt* é un verbo en ____ persoa do _____ (n.º) do _____ (tempo) de _____ (modo) _____ (voz) do verbo _____ (enunciado).
3. Escolle unha destas tres opcións. No texto, a palabra *paratis* é...
 - a) un substantivo en ablativo plural masculino
 - b) un adxectivo en dativo plural neutro
 - c) un participio en ablativo plural feminino.
4. O enunciado de *fraude* é...: _____
4. Analiza morfoloxicamente a palabra *mersit* (categoría, persoa, número, tempo, modo, voz, enunciado).

Exercicio 4: Cuestións Sintácticas

1. Que tipo de oración é *quod contra Afros gerebatur*? Ten antecedente? Se o ten, cal é?

2. Indica como se chama a construción *C. Duillio et Cn. Cornelio Asina consulibus* e explícaa.

3. No texto hai dúas oracións con verbo persoal en voz pasiva. Cales son?

4. Como se chama a construción formada por *commisso proelio* e explica en que consiste.

5. Cal é o suxeito dos verbos *cepit* e *mersit*?

Exercicio 5: locucións latinas

Utiliza o latinismo que consideres adecuado. Non repitas ningún:

<i>A priori</i>	<i>superavit</i>	<i>vox populi</i>	<i>sub iudice</i>
<i>maremagnum</i>	<i>per capita</i>	<i>sui generis</i>	<i>alias</i>
<i>sine die</i>	<i>in extremis</i>	<i>motu proprio</i>	
<i>inter nos</i>	<i>quid</i>	<i>stricto sensu</i>	

1. A inauguración da tenda quedou aprazada_____.

2. Este home sempre viste moi _____, todo o mundo distíngueo de lonxe.

3. Collín o avión _____.

4. _____ parecía unha boa persoa; logo vimos que nos enganaba.

5. Non se podía entrar na aula: había un _____ tan grande que os alumnos quedaron sen patio.

6. A democracia, _____, é o poder do pobo.
7. Manuel aceptou o posto _____, ninguén o apremou.
8. No restaurante da esquina a cena cústanos 20 € _____.
9. Cóntoche un segredo, pero que quede _____.
10. O problema dos veciños non se soluciona, este é o _____ da cuestión.

Exercicio de literatura: Cicerón

1) No libro *De Oratore*, Cicerón fala das fases da elaboración dun discurso: *inventio*, *dispositio*, *elocutio*, *memoria*, *actio*. Relaciona cada unha delas coa definición correspondiente:

1	<i>inventio</i>		Ordenar ideas
2	<i>dispositio</i>		Pronunciar e representar o discurso
3	<i>elocutio</i>		Buscar ideas e argumentos
4	<i>memoria</i>		Escoller as oracións adecuadas
5	<i>actio</i>		Memorizar o discurso

2) Indica se son verdadeiras ou falsas e corrixe os erros:

	Cicerón foi un importante político e orador que viviu na época de Augusto.	
	<i>Inventio</i> , <i>dispositio</i> , <i>elocutio</i> , <i>memoria</i> y <i>forma</i> eran os pasos que un orador tiña que seguir para facer un bo discurso segundo as normas de elocuencia da época.	
	Os oradores pronunciaban os seus discursos na basílica	
	<i>De Oratore</i> , <i>Orator</i> e <i>Brutus</i> non son discursos, senón obras de retórica escritas por Cicerón.	